



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 23 DE DECEMBRO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintetres de decembro de dous mil trece; as once e media da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez e Don José Prieto Pérez. Non asiste Don Javier Iglesias Sendin.

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado dezasete de decembro de dous mil trece (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

DEVOLUCION DE IMPOSTO DE CONSTRUCCIONS, OBRAS E INSTALACIONES.

Visto o escrito de **Dona Alicia Teresa Sousa Baptista**, veciña desta Vila, con domicilio na Baixada ao Concello nº 5, no que solicita a devolución da cantidade aboada en concepto de I.C.I.O con data 07.02.2013, esta Alcaldía, tendo en conta a renuncia a execución e que a obra non foi executada de acordo con informe da Policía Local obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Acceder a devolución da cantidade de 405,58 euros, comunicando o presente acordo o interesado.

2.- Comunicar o presente acordo a Tesourería Municipal.

TROCO DE VEHICULO DE AUTOTAXI-

“Visto o escrito de **Don David Vales González**, con domicilio na Praza Maior nº 15, desta Vila, no que prega o troco do vehículo matrícula 5340-BKC adscrito á licenza de autotaxi nº 11 por outro novo (Skoda Octavia), matrícula 9510-HTW, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que neste Concello non hai modelo homologado desta clase de vehículos, accede ó cambio interesado, polo cal, a partir de agora, a licenza nº11 de autotaxi, desenvolverase co vehículo matrícula 9510-HTW, causando baixa a tódolos efectos, o vehículo



matrícula 5340-BKC polo interesado deberán cumprirse tódalas disposicións contidas nos Regulamentos Nacionais e Municipais e mesmo comprometerse a desenvolver-lo traballo da praza de taxi de xeito persoal”.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Deputación Provincial de Ourense, notificando Decreto de data 11.12.2013 ,relativo o reparto das cantidades correspondentes a central de Frieira, sita en Padrenda.
- Do Xulgado do Contencioso núm. 1, remitindo expediente relativo o recurso contencioso-administrativo, procedemento ordinario núm. 221/2010.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

PROCESO DE REGULARIZACION CATASTRAL 2013-2016.-

Visto o escrito da Xerencia Territorial do Catastro relativo o procedemento de regularización catastral 2013-2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acorda manifestar a Dirección Xeral do Castastro o seu interes en ser incluído na resolución que se aprobe no exercicio 2014, relativa o procedemento de regularización catastral 2013-2016 regulado pola Disposición Adicional Terceira do Texto Refundido da Ley do Catastro Inmobiliario (R.D. Lexislativo, 1/2004, de 5 de marzo), para a incorporación o Catastro e valoración a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbles, tanto das construcións omitidas total ou parcialmente, como das modificacións nos datos físicos dos inmóbles que sexan incorrectos ou incompletos, co fin de asegurar a súa concordancia coa realidade.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as doce do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

